

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CARPETA 01.MX

ANEXO 1. ESTUDO DA PAISAXE

MX_03.1ANX_P SX

1. Introducción	3
2. Situación do ámbito de estudo	3
3. Caracterización xeral da paisaxe	5
4. Valores paisaxísticos na zona de actuación	5
5. Identificación dos elementos singulares no ámbito do plan especial	6
6. Análise da visibilidade	8
7. Identificación dos impactos	11
8. Xustificación das medidas de integración paisaxística.....	14




1. INTRODUCCIÓN

O Plan especial para a ordenación en detalle do sistema xeral de equipamento municipal en Amio (PEID SU-4) destinada a servizos urbanos incorpora un estudo da paisaxe en cumprimento do artigo 35 do Decreto 96/2020 de 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Neste estudo, analízanse os valores paisaxísticos do ámbito e xustifícanse as medidas de integración paisaxística adoptadas, dun xeito proporcionado ao alcance do documento e a fase de tramitación, que corresponde ao borrador do plan especial.



2. SITUACIÓN DO ÁMBITO DE ESTUDO

O ámbito en estudo ocupa unha posición central no termo municipal de Santiago de Compostela e na súa área de influencia, cunha posición privilexiada en relación cos principais eixos de comunicación que articulan a rexión urbana de Santiago.



En relación coa cidade, está situado ao nordeste do centro urbano de Santiago, inserida na área empresarial e industrial que aglutina os polígonos do Tambre, de Costa Vella e da Sionlla.

Ten unha extensión considerable, preto das 30 Has., e está delimitada por trazados viarios en case todo o seu perímetro. Ao norte, pola avenida do Cruceiro da Coruña, antiga estrada nacional N-550 hoxe de titularidade municipal e, ao sur, coa avenida de Asturias, tramo da autovía de Lavacolla, hoxe tamén de titularidade municipal. Ao leste, discorre a rúa de Amio que comparte co polígono de Costa Vella. Polo oeste, linda coa denominada rúa da Pena Corveira, en realidade un camiño que á altura da rúa da Travesa da Campiña se adentra no ámbito para desembocar na rúa de Amio, e con outras parcelas de uso industrial servidas pola antiga N-550.



3. CARACTERIZACIÓN XERAL DA PAISAXE

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o ámbito de estudo encádrase na grande área paisaxística de Galicia Central, na comarca paisaxística de Terras de Santiago-A Barcala.


O tipo de paisaxe predominante da comarca é o do val sublitoral cun clima termotemperado.

O ámbito concreto de estudo constitúe unha unidade de paisaxe do tipo urbano e rururbano.

4. VALORES PAISAXÍSTICOS NA ZONA DE ACTUACIÓN

O ámbito presenta dúas zonas totalmente diferenciadas, que responden á distinta ocupación dos terreos.

A zona situada ao sur está xa transformada e correspóndese co recinto feiral de Amio. Está formado polo propio edificio do Mercado de Gando e as extensas plataformas asociadas a el, neste momento en explotación por concesión.




O resto de terreos, que non foron obxecto de concesión e que non foron urbanizados constitúen o que denominamos a zona norte. Esta zona mantén basicamente a súa configuración orixinal se ben quedou totalmente desligada da zona sur como consecuencia das grandes explanacións levadas a cabo na primeira fase, que provocan un corte abrupto do terreo na zona de contacto entre ambas fases.

Esta zona non presenta, a noso xuízo, valores paisaxísticos relevantes e específicos que deban ser tidos en conta antes da elaboración do PEID e que non poidan ser analizados e considerados no propio proceso de ordenación urbanística do ámbito.

5. IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS SINGULARES NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL


O ámbito non conta con valores naturais ou ecolóxicos incluídos no Catálogo das paisaxes de Galicia que deban ser considerados na súa planificación. Tampouco forma parte de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) ou que requira especial atención paisaxística (AEAP) de acordo co dito catálogo. O PXOM non establece tampouco ningunha medida ou consideración específica que afecte a este ámbito concreto. Dentro do ámbito non consta a existencia de ningún elemento catalogado.

Polo seu interese paisaxístico, cabe mencionar que o borde sur do ámbito o constitúe o denominado parque lineal da Campiña.



O dito parque conta cun paseo que está, neste momento, integrado no denominado *O Xiro dos Montes de Compostela*, itinerario que bordea a cidade unindo os montes urbanos para percorrelas a pé ou en bicicleta.

A actuación enmárcase nas actividades do obradoiro de emprego CREAS III. O roteiro conforma un gran corredor de 34 quilómetros de lonxitude que rodea a cidade e comunica entre si os principais montes urbanos (Monte do Viso, Monte do Gozo, Monte de Deus, Monte Pedroso, Monte de Vidán, Monte de Conxo, Monte de Santas Mariñas e Monte Gaiás), poñéndoos á súa vez en relación co itinerario verde urbano e as restantes zonas verdes existentes: con outros parques e xardíns, cos carreiros rurais e forestais e cos diferentes Camiños de Santiago, creando unha gran senda verde que facilita a integración e o diálogo da cidade coa súa contorna natural.



6. ANÁLISE DA VISIBILIDADE

A visibilidade do ámbito desde o exterior

A zona obxecto de estudo ten, segundo o mapa de visibilidade estratéxica do Catálogo das paisaxes de Galicia, unha exposición visual media e baixa desde as principais estradas e núcleos de poboación.


A visión máis directa do conxunto do ámbito prodúcese desde a rúa de Amio, que é a vía da que se serve na actualidade a parte do ámbito xa executada e representa o seu borde de contacto coa zona industrial consolidada.

O ámbito resulta tamén visible desde as rúas máis elevadas do polígono de Costa Vella.





Na contorna, a zona de estudo resulta visible desde a rúa dos Campos, desde as cotas altas da rúa da Campiña e desde a ponte da rúa da Pena da Corveira .





En calquera caso, a grande infraestrutura do mercado non aparece como un elemento dominante ou cunha presenza significativa na paisaxe, pola súa escasa altura e sobre todo, por estar disposto sobre unha plataforma afundida en relación coa súa contorna.

En canto ás vistas de lonxe, o característico perfil do mercado de gando e as bancadas que o acollen poden percibirse desde o Monte do Gozo



A visibilidade desde o ámbito cara ao exterior

As mellores vistas desde o ámbito prodúcense, loxicamente, desde as cotas máis elevadas da parcela, que son as que conforman a zona norte. Neste momento a presenza de mato e vexetación impiden as vistas de lonxe, agás dun xeito puntual.

7. IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS

O principal impacto na zona en estudo é a forte alteración topográfica resultado da implantación do Mercado de Gando.

As extensas plataformas horizontais asociadas ao recinto feiral alteraron a suave pendente da ladeira que descendía das cotas máis altas en Boisaca cara ao Porto do Medio producindo un corte abrupto no borde de contacto coa zona pendente de desenvolver.

A gran dimensión desta peza, na súa meirande parte inaccesible, actúa neste momento como unha barreira entre a cidade consolidada e a zona empresarial dos polígonos de Costa Vella e da Sionlla.

Os camiños tradicionais que permeaban o ámbito desapareceron ou están a piques de desaparecer, ao ter perdido a súa razón de ser, polo que cómpre recuperar o seu trazado cando sexa posible, ou substituílo por trazados alternativos que restitúan a conectividade hoxe perdida.





Cabe salientar tamén como impacto paisaxístico a presenza dunha liña de alta tensión que atravesa o ámbito, xusto no borde entre as zonas norte e sur xa descritas.

Por último cabe mencionar que boa parte da zona norte úsase, na actualidade, como zona de acopio, ao ceo aberto, de materiais de obra do propio Concello.



8. XUSTIFICACIÓN DAS MEDIDAS DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co previsto nas Directrices da paisaxe de Galicia, estudiouse a paisaxe seguindo o criterio de proporcionalidade, é dicir, axustouse o alcance do estudo á natureza da intervención, considerando o escaso impacto paisaxístico xerado pola actuación prevista, plenamente incardinada nas previsións do planeamento xeral.

As medidas de integración paisaxística que se propoñen son, neste caso, as propias que derivan do contido do PEID que se elabora, que ten por obxectivo precisamente integrar a zona xa executada coa pendente de desenvolver, e destas, co territorio no que se implantan e co resto da cidade.

As medidas de integración a adoptar seguen as directrices e recomendacións establecidas para as actuacións en medio urbano, en particular ás relativas á integración paisaxística dos percorridos urbanos existentes e a promoción de novos itinerarios peonís; o mantemento do arboredo existente de interese e a incorporación de arboredo autóctono na actuación, procurando na medida do posible manter os elementos naturais integrados nos espazos públicos urbanos. Prevese tamén o soterramento dos tendidos eléctricos existentes no ámbito.

Santiago de Compostela
A xefa da Sección de Planeamento do Concello
Asinado electronicamente